



POLOS CREATIVOS

SA-11F1-E ti, de quen vés sendo?

E ti, de quen vés sendo? 1

Achega

- Tarxetas de mulleres ou modelos descargables a través do código QR
- Cores ou rotuladores (opcionais)
- Tesoira e/ou coitelo de precisión
- Plastificadora (opcional)
- Feltro
- Velcro
- Goma elástica

Observa

Á hora de crear as tarxetas do xogo podes empregar as incluídas no código QR ou deseñar as túas propias a través dos modelos descargables. Neste caso, inclúense 24 mulleres STEAM españolas, pero hai infinidade de mulleres que traballan nestes campos. Mediante unha pequena busca poderedes atopar infinidade de mulleres que merecen ser coñecidas.

Do mesmo xeito, para crear a cinta que sustentará a tarxeta na cabeza, podes empregar outro tipo de materiais, peches... Mira o que tes ao teu carón e pon en marcha a túa creatividade.

Indaga

- Coñeces as mulleres que aparecen nas tarxetas descargables? Buscade, en grupo, información sobre elas e compartídeas co resto da clase para así poder coñecelas ben antes de xogar.
- Mira nos teus libros de ciencias cantas mulleres e homes aparecen nas fotografías ou nos textos como referentes. Notas algunha diferenza entre

- Coñeces o proxecto [#NoMoreMatildas](#)? Unha das súas propostas é crear un anexo complementario para os libros de texto que visibilice a aquelas mulleres que deberían ocupar as súas páxinas. Animádesvos a facer un anexo similar para os vosos libros? Traballade en grupo e tende en conta que podedes incluír imaxes nas que aparezan mulleres desenvolvendo traballos científicos, engadir nomes de mulleres pioneiras ou destacadas, bibliografías, etc. Calquera achega, por pequena que sexa, será de axuda.
- Por suposto, non esquezades xogar! Recorda que podes descargar as instrucións do xogo e o paso a paso da montaxe a través do código QR.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario.